

Xavier Alcalá

“Hai que coñecer a brutalidade para non reincidir nela”

XAN CARBALLA

Sorprende a Xavier Alcalá co seu último libro *Entre Fronteiras* (Galaxia), primeiro volume da triloxía *Evanxélica Memoria*, unha reivindicación dun sector da poboación, os *protestantes* de relixión evanxélica, duramente perseguidos pola represión desde 1936. O proxecto terá unha segunda entrega a fins de 2004 e aínda non pode prever o autor cando dará cabo a este esforzo histórico-literario.

- A primeira entrega da triloxía *Evanxélica Memoria* é, entre outras cousas, un relato da represión franquista no Baixo Miño e do espanto da guerra no Ebro.

- Hai unha primeira parte, que agradezo a Vitor Freixanes que me obrigase a reducir moito, que é unha novela *per se*, da vida idílica á beira do Miño, duns rapaces que pensan que pode haber unha relixión diferente da que eles coñeceron. O idilio remata nun horror que non para despois do 18 de xullo. O problema meu é que tendo unha información inesgotábel podería escribir miles de páxinas e teño que medirme. O primeiro libro fala sucesivamente de esperanza, horror e falsa esperanza. Á volta da fronte o protagonista pensa que, despois de ter estado nas trincheiras horribes do Ebro e ter un certificado de bo comportamento, xa estaba liberado. Pero na segunda parte vai regresar o verdadeiro horror que non tivo tregua.

- Conta o movemento fundador dos evanxélicos nunha parroquia de Salvaterra. Que hai de real niso? Canta investigación hai na obra?

- Todo é real, só cando alguén pediu que se cambiasen os nomes fíxose. O que non se fai é mencionala a vila de orixe e de destino porque están vivas persoas que coñeceron os feitos en directo ou son fillos dos que se comportaron cruelmente cos protestantes. Só hai algún personaxe comodín para permitir que o relato non teña que ser hipertextual e obrigue a buscar información noutro lado. Iso é o único estritamente de ficción.

- Vostede novela moitas cousas neste libro e anunciase moito máis para as seguintes entregas: a historia dos evanxelistas, a guerra, a represión...

- Había que tomar decisións que acotasen o tema. Decidín tomar o fío na vida dun só personaxe. Escollino entre todos os evanxélicos que tratei porque foi capaz de loitar sen abandonar. Nunca marchou á Arxentina, cando a maioría das estruturas evanxélicas das aldeas desfixéronse pola emigración. Cunha intelixencia natural, palpábel, foi capaz de xerar empresa como mecanismo de defenderse. Pero contei a guerra e a posguerra, o seu trato cos Fernández e a creación de Zeltia [asunto que sairá na segunda entrega]. O problema é ver que liña do relato histórico abandonaba. Non é unha historia dos evanxélicos, é a historia da aventura da súa supervivencia contada por un evanxélico, un *obreiro de Deus*, como se chama a si mesmo.

- Onde nace a súa preocupación polo mundo dos evanxélicos?

- Eu crieime entre Ferrol, na volta de Ares, Pontedeume e Coruña, unha zona na que a presenza evanxélica é continua. Cando era pequeno advertíanme que non andara con eles porque *fan cousas raras*. E como non ían facer! Estálalles prohibido expresarse en público e todo seu exercicio relixioso era pechado. Eran rapaces coma min e cando xa fun estudante mantiven a relación con algún deles. Preocupoume saber cal era a súa diferenza coa relixión oficial. Souben que apenas eran uns disidentes e por iso eran perseguidos, non por non cristiáns. Hai anos que algún me suxeriu que contara iso, pero a vida non me deu para tanto. En 1999 pensei que me ían morrer os que poderían contarme as cousas, e lanceime a entrevistalos e recoller un mar de datos. Son tanas as notas tomadas que haberá que deixalas gardadas en algures.

- A Igrexa católica posicionouse cos sublevados. Foi toda a igrexa evanxélica pro-republicana?

- Non só foron demócratas, tamén republicanos. Todos repiten o mesmo: non perdoan que Alfonso XIII fose un adúltero manifesto e consideran que os Borbóns están dexenerados. Saben que durante a República aparece a primeira Constitución na que eles poden vivir e ser diferentes. No capítulo cuarto da segunda parte, que revisaba onte á noite, hai unha entrevista moi curiosa que é a volta dun pastor inglés expulsado por espía durante a guerra e que volveu en 1945. Arthur Ginnings. Este home revisa todas as constitucións españolas e, agás na da II República, en todas se admite como relixión única a católica. Na de 1931 déixanos existir e Marcelino Domingo foi o seu grande defensor. Eles aínda desconfían hoxe dun sistema que é monárquico e católico, e daquela a federación dos evanxelistas pediu, nas pasadas eleccións xerais do 14 de marzo, o voto contra o PP.

- A pesar de todo ese carácter de testemuña histórica, finalmente o que un le é unha novela, non recorre a outros artificios narrativos.

- Puido ser unha novela ao estilo de *collage* de *Fábula*, pero os propios vellos dixéronme que iso era difícil de ler. O mellor do resultado final de *Entre fronteiras* é que a historia flúe. Tamén me neguei a poñer notas ao pé da páxina, porque iso despista.

- Segundo parece os evanxelistas teñen verdadeiro apetito dunha versión en castelán para que podan ler o libro nas súas comunidades por España.

- Agora non teño tempo para pensar niso, porque ando tolo para poder escribir a segunda parte e tela para fin de ano. Pero, como non vai haber ese apetito se nunca ninguén contou isto? A represión dos evanxélicos en Galiza é a mesma que en toda España, coas peculiaridades de que había moita relación dos galegos cos evanxélicos de Cuba, que moitos mariñeiros serviron de contacto en moitos portos e que a dispersión poboacional facilitou a súa introdución. Había moitas parroquias cos curas pelexados coa xente por non pagaren oblata e décimo e “pedían relixión”. Esta xente non lles cobraba e foi o que fixo que no ano 1936 Galiza estivese inzada de comunidades evanxélicas que foron masacradas. Nunca se recuperaron. Apenas quedaron en Ferrol, Ares, Coruña, Silleda, Ourense, Marín e Vigo, onde foron intocábeis. Porque os *protexía* o comandante Felipe Sánchez por unha circunstancia azarosa: o xastre que lle cortaba os traxes cos que disimulaba que era chepudo, era evanxalista, Xoan Cartea. Por esa razón a de Vigo (na rúa Pi i Margall) foi a única igrexa evanxélica de España que non se pecha e pode ter un pastor que non é expulsado por espía.

- Como é capaz de sobrevivir un non católico nunha fronte de guerra na que a represión é tan cega?

- Pero é que durante a guerra non todos os falanxistas e militares eran partidarios da relixión católica. Na segunda parte hai un personaxe sinistro que se porta ben co protagonista porque si, porque lle peta, que é o farmacéutico da vila. Este home insiste en que Franco é un traidor porque entra na Igrexa baixo palio e vai entregar o poder á monarquía. Ao protagonista deféndeno os seus mandos porque é moi valente e se ofrece de enlace entre trincheiras, e facíao porque así liberaba aos casados desa función de perigo de morte total e tamén porque ía desarmado e non tiña que verse no brete de matar.

- Nos Diálogos de Mariñán da fundación Casares vostede rexeitou a equidistancia no tratamento da guerra en Galiza.

- Teño un amigo que se criou entre evanxélicos e casou en Extremadura. Dime que cando fala cos seus sogros cóntalle a historia dunha maneira, pero é que se fala de Galiza só hai un xeito de contala: “porque a min fusiláronme media familia”. O que conto e reivindico na novela é a esa imensa cantidade de mortos incontados. Por que mataron a tanta xente? Como non vou contar iso que vai na novela do tipo que o collen, mátanos e crávanlle alfinetes coa bandeira vermella na lingua porque era comunista e analfabeto? Iso hai que contalo porque hai que coñecer a brutalidade para tomar exemplo e non volvermos caír nela. Non quero poñer nomes porque non importa tanto dicir quen foi como saber o que fixo. E non é por medo que os nomes non se poñen senón por non facer sufrir a outras persoas que non teñen que cargar coa responsabilidade dos seus familiares.